



CAMPIONATO TERRITORIAL

DIVISIÓN DE HONRA INFANTIL MASCULINA

FÓRMULA E DATAS DE COMPETICIÓN

Esta competición desenrolarase en dúas fases, levándose a cabo cos criterios que a continuación se detallan:

1ª Fase ou Fase Regular: Os doce (12) equipos participantes xogarán baixo o sistema de liga todos contra todos a dobre volta.

2ª Fase ou Fase Final: A disputarán os equipos clasificados nos postos 2º, 3º, 4º e 5º ao final da 1ª Fase ou Fase Regular desta Competición.

Xogarse baixo o sistema de concentración nun fin de semana (venres, sábado e domingo) polo sistema de liga a unha volta, co calendario que se adxunta as presentes Bases.

Establecerase unha clasificación ordinal, trasladándose esta orde á clasificación xeral final do Campionato de División de Honra Infantil Masculina, ocupando os postos 2º ao 5º da devandita clasificación xeral final.

Terán dereito a organizar esta Fase Final os equipos clasificados para esta, atendendo á orde de clasificación, é dicir, o 2º clasificado terá prioridade sobre o 3º para organizala, e así sucesivamente.

DATAS DE CELEBRACIÓN

A 1ª Fase ou Fase Regular desenvolverase entre os días 23 de setembro de 2018 e 24 de marzo de 2019.

A 2ª Fase ou Fase Final desenvolverase os días 26, 27 e 28 de abril de 2019. No caso de que a 2ª Fase da Categoría Cadete Masculina teña que celebrarse nestas datas; na categoría infantil se disputaría os días 12, 13 e 14 de abril de 2019.

EQUIPOS CLASIFICADOS PARA FASE ESTATAL

Accederá directamente á Fase Estatal do Campionato Infantil Masculino o equipo clasificado en primeiro lugar da 1ª Fase ou Fase Regular desta Competición.

Igualmente accederá o equipo clasificado en segundo lugar, sempre e cando, a Federación Galega conte con vinte e cinco (25) equipos de categoría Infantil Masculina participando nas diferentes competicións da categoría.



Para establecer o equipo clasificado en segundo lugar do Campionato se atenderá a clasificación final da Segunda Fase ou Fase Final da Competición.

O/Os equipo/s clasificados para disputar a Fase Estatal deberán ingresar a cantidade de **DOUSCENTOS** euros (200.- euros) na conta da Real Federación Española de Balonmán dentro da semana seguinte a data de finalización da Fase Territorial, seguindo co aprobado na Asemblea Xeral da RFEBM de 2015.

PARTICIPACIÓN NA COMPETICIÓN DE DIVISIÓN DE HONRA DA TEMPADA 2018/2019

Os equipos clasificados nos postos 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º desta Competición adquiren o dereito a xogar na Competición de División de Honra da temporada 2018/19.

No mes de setembro de 2019, todos os equipos inscritos, nos prazos previstos pola F.G.Bm., podrán participar nunha Fase Previa para disputar a Competición de División de Honra (Play Off de Ascenso).

O Play Off se disputara nun fin de semana, polo sistema concentración (tipo sector). Serán sedes organizadoras, se así o solicitan, os equipos clasificados nas competicións da tempada 2018/19 nos seguintes postos: Campión de 2ª División Infantil Masculina; 7º, 8º, 9º clasificados de División de Honra; 2º clasificado de 2ª División Infantil e 10º clasificado de División de Honra.

SEGUNDO TORNEO OFICIAL

Unha vez finalizada a Fase Territorial do Campionato Territorial de División de Honra Infantil Masculina os equipos, **de forma obrigatoria**, disputarán un segundo torneo oficial.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIAS

O equipo organizador da 2ª Fase ou Fase Final do Campionato Territorial correrá cos gastos dos dereitos de arbitraje, de aloxamento en réxime de pensión completa e de desprazamento dos árbitros e do delegado federativo.

Estas Normas específicas do Campionato Territorial de División de Honra Infantil Masculino complementanse co desenvolvido no Título 2 do NO.RE.BA. Galicia - , en todos os aspectos alí recollidos e que non son modificados polas Bases específicas. Así mesmo, as devanditas normas complementanse co establecido nos Regulamentos e Estatutos vixentes da Real Federación Española de Balonmán.



CAMPIONATO TERRITORIAL DIVISIÓN DE HONRA INFANTIL MASCULINA

SEGUNDA FASE OU FASE FINAL

1ª XORNADA (26.04.19)

2º Clasificado D. Honra	-	5º Clasificado D. Honra
3º Clasificado D. Honra	-	4º Clasificado D. Honra

2ª XORNADA (27.04.19)

3º Clasificado D. Honra	-	5º Clasificado D. Honra
4º Clasificado D. Honra	-	2º Clasificado D. Honra

3ª XORNADA (28.04.19)

5º Clasificado D. Honra	-	4º Clasificado D. Honra
2º Clasificado D. Honra	-	3º Clasificado D. Honra